



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 21 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00056809F.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00054765X.

Aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "VÍA VERDE_SANTIAGO DE COMPOSTELA_TRAMO 1".

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde_Santiago de Compostela_Tramo 1", que afectan ao término municipal do Concello de Santiago de Compostela.
Segundo.- Encomendar a execución do devandito proxecto de obra á Deputación provincial da Coruña.

Terceiro.- Comprometer unha achega á Deputación da Coruña de 300.000,00 euros coa finalidade de coadjuvar á realización do proxecto, financiamento que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 7610001 2022 4 RLTVI 49.

Cuarto.- Asumir o compromiso de remitir á deputación da Coruña toda a documentación necesaria para a execución do proxecto, e atender as solicitudes que sobre esta execución lle remita a Deputación.

3. EMPREGO. Referencia: 2022/00054816S.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración ca Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Tómase conta da sinatura do convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2022, por importe de 15.000 euros.